



Memoria de Actividade. OSIMGA

Ano 2022

Pleno do Observatorio da Sociedade da Información
e a Modernización de Galicia



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2023

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución.

Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>



ÍNDICE

1-	INTRODUCCIÓN.....	5
2-	OBXECTIVOS	6
3-	O OSIMGA en cifras. Ano 2022.....	8
4-	COMPROMISOS DO PLENO OSIMGA 2022	12
5-	ACTUACIÓNS E PROXECTOS	22
5.1.-	LIÑA 1: Informes de carácter xeral.....	23
5.1.1.-	Fogares.....	24
5.1.2.-	Empresas	25
5.1.3.-	Sector TIC	26
5.1.4.	Administración dixital	27
5.2.-	LIÑA 2: Estudos temáticos	28
5.2.1.-	Galicia Dixital: a modernización tecnolóxica no rural	29
5.2.2.-	Mulleres en Dixital: O uso das TIC desde unha perspectiva de xénero	30
5.2.3.-	Software libre nas empresas TIC de Galicia.....	31
5.2.4.-	Galicia Dixital: Software Libre nas Empresas de Galicia	32
5.2.5.	Software Libre nos Concellos de Galicia.....	33
5.2.6.	As Mulleres no Sector TIC.	34
5.2.7.-	O Hipersector TIC	35
5.2.8.-	A sociedade da Información e os Autónomos de Galicia	36
5.3.-	LIÑA 3: Proxectos en colaboración co IGE e no marco do VI Plan Galego de Estatística 2022-2026	37
5.3.1.-	Convenio de Colaboración entre Amtega, o IGE e o INE.	38
5.3.2.-	[4106-01-AE06] Galicia Dixital: a modernización tecnolóxica no rural	39
5.3.3.-	[4101-02-OE06] Galicia Dixital: Sistema de Indicadores	39
5.3.4.-	[4102-01-OE06] Galicia Dixital: o sector TIC de Galicia	40

5.3.5.-[4103-01-OE06 e 4103-02-OE06] A Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos concellos galegos	40
5.3.6.-[4102-02-AE06] Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia	40
5.4.-LIÑA 4: Sistema de información e vixilancia.....	41
5.4.1- Web OSIMGA www.osimga.gal.....	41
5.4.2- Vixilancia e análise de fontes de información externas	44
5.4.4- OSIMGA nos medios.....	45
5.5.-LIÑA 5: Colaboracións.....	46

1-INTRODUCCIÓN

Presentamos o balance dos servizos e actuacións desenvolvidas polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), organismo adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia na anualidade 2022.

O **principal obxectivo** desta memoria é difundir os resultados de todas as actividades realizadas polo OSIMGA durante ese período, de acordo coa planificación de actividades que figura no Plan de Traballo Anual 2022.

As actividades do OSIMGA enmárcanse nas iniciativas impulsadas pola **Estratexia Galicia Dixital 2030**, dado que o Observatorio configúrase como o instrumento para analizar e avaliar o estado de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

A **Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD 2030)** determina o punto de inflexión de Galicia dende onde iniciar o cambio para construír e compartir un futuro dixital de Galicia, do que son partícipes a cidadanía, as empresas e as administracións, co obxectivo de contribuír ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medioambiental.

A **Estratexia Galicia Dixital 2030** apóiase no OSIMGA, como unidade que centraliza a actualización periódica dos valores dos indicadores relacionados co nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

OSIMGA deu cumprimento a todos os compromisos asumidos no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia **para o ano 2022**, afianzando a intensa **colaboración** establecida entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA, o **Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE)**, no que se refire á coordinación da realización das enquisas en materia da Sociedade da Información.

Os froitos deste traballo e esforzo son a **consolidación dun sistema de indicadores da Sociedade da Información en Galicia**. O ámbito temporal do informe desta memoria é a anualidade que vai dende o anterior pleno anual, realizado en xullo de 2022, ata o actual, en xuño de 2023.

A Memoria do OSIMGA ofrece distintos **indicadores de seguimento** sobre os traballos realizados e os servizos ofrecidos polo Observatorio, presentando dunha maneira sistemática todas as observacións realizadas polo OSIMGA, tanto as **observacións de carácter xeral como as de carácter temático**. Esta memoria comprende a descrición dos traballos de deseño das enquisas e observacións, a recollida de información e a difusión dos resultados, así como aquelas tarefas que definen ao OSIMGA como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información de Galicia.

O informe recolle tamén as actividades realizadas polo OSIMGA como órgano de xestión, información e vixilancia especializada, destacando a súa **web** como principal instrumento de difusión. Por último, abórdanse as actividades de colaboración en eventos, proporcionando información e indicadores, coa finalidade de contribuír á difusión do estado e da evolución das TIC en Galicia.

2-OBXECTIVOS



Órgano para avaliar o avance da Sociedade da Información

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) é un órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información, a Modernización Administrativa e a Administración electrónica nas Administracións Públicas de Galicia, e para a participación e colaboración coas distintas Administracións Públicas nesta materia.

O OSIMGA proporciona información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos nas devanditas materias.

O observatorio foi creado e regulado polo Decreto 21/2010 do 4 de febreiro (DOG, 26/02/2010), que foi modificado polo Decreto 57/2013 do 11 de abril (DOG, 12/04/2013), o OSIMGA está adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Xunta de Galicia.



Obxectivos do OSIMGA

Os principais obxectivos do Observatorio son:

- Desenvolver ou promover compilacións, estudos e análises de datos que permitan coñecer, cunha visión global, o nivel de desenvolvemento, a tendencia e os posibles problemas que lle afecten á extensión da Dixitalización en Galicia e á aplicación do modelo de eGoberno nas Administracións públicas galegas.
- Facilitar análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.
- Promover o intercambio de experiencias e información entre administracións, e con outros observatorios, organismos ou entidades.
- Impulsar a organización de eventos formativos, reunións de especialistas ou grupos de traballo.
- Promover e xestionar a elaboración e a difusión de publicacións técnicas, impresas ou electrónicas, específicas e monográficas ou de publicación periódica.
- Xestionar e ofrecer periodicamente e, como mínimo a través dunha web específica, información sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia,

eventos formativos, noticias de actualidade ou ligazóns con outras fontes de información, observatorios ou entidades.

- Elaborar e presentar publicamente informes que reflectan a situación ou a evolución prevista.
- Facilitarlles datos a outros organismos e entidades con competencias específicas na materia.
- Analizar o desenvolvemento da Sociedade da Información para toda a cidadanía e, en especial, no que respecta ás mulleres, ás persoas maiores e aos colectivos con risco de exclusión, e promover liñas de actuación que potencien a súa incorporación e permanencia activa en condicións de igualdade efectiva.
- Avaliar e servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración.

3-O OSIMGA en cifras. Ano 2022

Figura 1. OSIMGA en cifras



* Visitas á web do Osimga no período comprendido entre o Pleno 2022 e o Pleno 2023.




Evolución do OSIMGA dende a súa creación

Desde a súa creación, a principios do ano 2010, o OSIMGA realizou un gran esforzo para ampliar a súa actividade de observación e análise dos indicadores da Sociedade da Información e, ao mesmo tempo, achegar este coñecemento dunha forma clara e transparente á sociedade.

No último ano, os novos estudos sobre as traxectorias profesionais dos perfís STEM en Galicia, a análise específica de tecnoloxías disruptivas no sector TIC, as novas preguntas incluídas na enquisa ás empresas TIC de Galicia, a análise desagregada das competencias dixitais da cidadanía galega e as novas variables incluídas polo IGE na enquisa estrutural de fogares permiten ampliar un ano máis a lista de indicadores difundidos.


As necesidades e expectativas da cidadanía, empresas e Administracións Públicas son o punto de partida para a definición dos nosos compromisos, sendo a medición do seu grao de cumprimento unha tarefa fundamental no proceso de avance continuado do OSIMGA.



Por este motivo, neste capítulo preséntase un balance dos principais indicadores de xestión do Observatorio e móstrase a evolución positiva que experimentaron, tanto o número de estudos e análises realizados como o incremento significativo das consultas e visitas aos produtos e servizos que se ofrecen desde a web do OSIMGA. Todos os informes e indicadores son publicados na páxina web de OSIMGA, permitindo ser citados e compartidos baixo licencia Creative Commons.

O OSIMGA ven despregando unha intensa labor de investigación a través da elaboración de diagnósticos, estudos temáticos e análises, acadando a cifra de 42 informes na última anualidade, mantendo o elevado ritmo de publicacións dos últimos anos. No 2022, se incorpora ao catálogo a segunda edición do informe "Talento Dixital: Evolución da Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia" e das "Competencias dixitais da poboación galega".

Figura 2. Informes realizados




O OSIMGA comezou monitorizando cen indicadores relativos ás TIC en diversos ámbitos: fogares, empresas, sector TIC e administracións. Actualmente, achéganse 964 indicadores avaliados anualmente polo OSIMGA que permiten atender ao singular perfil sociodemográfico existente en Galicia, incorporándose un indicador pola inclusión dunha nova clasificación de competencias dixitais en 5 dimensións, en lugar de 4 e novos indicadores de tecnoloxías no sector tic.:

- As cinco dimensións das competencias dixitais da cidadanía son: información e alfabetismo de datos, comunicación e colaboración, creación de contidos dixitais, seguridade e resolución de problemas.
- Engádense na enquisa a empresas TIC seis novos indicadores sobre:

- Intelixencia artificial (participación en proxectos financiados polo sector público e polo privado).
- Facturación da empresa por actividades de Intelixencia Artificial.
- Tipos de produtos ou servizos que ofrece relacionados coa Intelixencia Artificial.
- Medición do uso do software libre na nube: programas.
- Medición do uso do software libre na nube: sistemas operativos.
- Medición dunha nova categoría dos incidentes de ciberseguridade (modificación de sitio web).

Figura 3. Número de indicadores monitorizados




Unha das conclusións máis relevantes e positivas que se observan neste exercicio de autodiagnóstico que realiza o OSIMGA é o seguimento dos proxectos e actividades a través da súa web.

O OSIMGA analiza a información de actualidade procedente de entidades externas, extraendo os datos destacados relativos á Comunidade Galega e observando as últimas tendencias en materia de Sociedade da Información e dixitalización. O boletín electrónico informa trimestralmente aos seus subscritores dunha selección experta das experiencias e eventos de actualidade. A boa acollida deste servizo queda reflectido nos 3.301 subscritores cos que xa conta o boletín do Observatorio.

As novas e publicacións do OSIMGA tiveron ampla cobertura e impacto en medios galegos, aparecendo mencionadas en 49 medios e webs diferentes no último ano, contribuíndo así a difundir o coñecemento sobre a situación da realidade galega e a evolución das tecnoloxías dixitais en Galicia.



Figura 4. Número de subscritores do boletín trimestral




4- COMPROMISOS DO PLENO OSIMGA 2022

As actividades realizadas polo OSIMGA no ano 2022 tiveron como marco de referencia o Plan de Traballo aprobado no Pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA).

O Pleno do Observatorio, celebrado o 19 de Xullo de 2022, estivo presidido pola directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) da Xunta de Galicia e integrado por representantes das distintas Administracións públicas e Universidades xunto con personalidades de recoñecido prestixio en materia da Sociedade da Información e de modernización administrativa.

A estrutura do Pleno levado a cabo no 2022 corresponde ao seguinte organigrama:

Figura 5. Estrutura do pleno OSIMGA



Neste Pleno, ademais de presentar a Memoria Anual de 2021 e aprobar o Plan de Traballo de 2022 do Observatorio da Sociedade Galega da Información e Modernización de Galicia, presentouse o Balance e peche da Axenda Dixital 2020 e un informe en relación ao lanzamento de elaboración da “Estratexia Galicia Dixital 2030”.

Cabe salientar que no transcurso do Pleno, adquiriuse o **compromiso da planificación dun novo estudo e actualización dos estudos temáticos novos desenvolvidos nos últimos dous anos** baseados na nova Estratexia Galicia Dixital 2030. As actualizacións de estudos versan sobre o estudo específico sobre o grao de “Competencias dixitais da cidadanía galega” e “Evolución da Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia”. Como **novidade** e dentro do obxectivo da EGD2030 “2.1 A Inclusión Dixital da sociedade” se realizaran os traballos oportunos para sentar as bases para a realización do novo estudo: “Seniors dixitais”, que serviría para avaliar o grao de acceso aos recursos dixitais e o uso das tecnoloxías por parte da poboación galega maior de 74 anos. Tamén se acordou **realizar unha análise específica das tecnoloxías disruptivas** do sector TIC de Galicia, sendo o seu obxectivo identificar o grao de adopción nas empresas TIC da intelixencia artificial, aprendizaxe automática a través de big data, robots de servizo, chatbot....

Figura 6. O Pleno do OSIMGA 2022





Presentación e peche do Balance da Axenda Dixital 2020 e Informe de grao de avance da "Estratexia Galicia Dixital 2030 - EGD2030"



O primeiro ano da Estratexia Galicia Dixital 2030 mobilizou máis de 300 millóns na transformación dixital da comunidade. Deste orzamento total, preto de 113 millóns de euros corresponden a capital privado.



Memoria de Actividade e Plan de Traballo de OSIMGA



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo 21-22

O Pleno do Observatorio do ano 2022 aprobou o Plan de traballo anual que describe as tarefas que van configurar o programa de traballo do Observatorio ao longo do ano seguinte e a Memoria de Actividades do ano 2021 que pode consultarse na web do OSIMGA www.osimga.gal

Estrutura do Plan.

Liña 1: Observacións de carácter xeral

Liña 2: Observacións de carácter temático

Liña 3: Operacións no marco do VI Plan Galego de Estatística 2022-2026

Liña 4: Servizo de Información

Liña 5: Colaboracións



Novas liñas de estudo executadas no ano 2022:

Entre as principais novidades do Plan de Traballo do Observatorio do ano 2022 destacábanse os seguintes estudos aliñados coa Estratexia Galicia Dixital 2030:

- Estudo específico sobre o grao de competencias dixitais da cidadanía galega. Nova actualización
- Talento Dixital: Evolución da Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia. Nova Actualización
- Análise específica das tecnoloxías disruptivas do sector TIC de Galicia
- Preparación dos datos para o desenvolvemento e publicación do estudo "Seniors Dixitais"
- Colaboración co Consello Galego das Mulleres na realización de estudos sobre a relación das galegas coas TIC e para coñecer o uso que fan da tecnoloxía e arbitrar medidas para evitar fendas de xénero neste ámbito
- Colaboración con Ciber.gal para a realización do estudo "Estado de la Ciberseguridad en Galicia. Edición 2022"

Estes compromisos adquiridos no Pleno OSIMGA foron executados nesta anualidade e preséntanse a continuación os seus resultados e conclusións.



Competencias dixitais da poboación galega

Este informe analiza as habilidades dixitais dos galegos na busca de información online, a comunicación a través de Internet, a resolución de problemas, a utilización de software e ciberseguridade en catro niveis: sen competencias, competencias baixas, competencias básicas e competencias avanzadas.

A información provén do análise da explotación dos datos da Enquisa sobre equipamento e uso das tecnoloxías da información e comunicación nos fogares que desenvolveu o INE en 2021 realizada polo INE, que permite obter unha foto da situación actual das competencias dixitais en Galicia, un perfil sociodemográfico detallado aplicando metodoloxías propostas polo INE e EUROSTAT.

Os datos presentados analizan as competencias dixitais da poboación galega a partir da metodoloxía "Digital Competence Framework" deseñado pola Comisión Europea que se aplica para toda Europa e que establece cinco dimensións: Información e datos, Comunicación e colaboración, Creación de contido dixital, Solución dos problemas e contorna dixital e, como novidade, Seguridade e privacidade.

A porcentaxe de galegos con competencias dixitais básicas ou avanzadas crece máis dun 18% nun ano e supera o 61% no ano 2021, o que supón que o nivel de competencias dixitais entre a cidadanía galega continúa a súa evolución positiva.

Se temos en conta a poboación internauta, no 2021, Galicia ocupa o sexto lugar entre as Comunidades Autónomas en competencias dixitais básicas e Avanzadas.

A desagregación de habilidades dixitais por dimensións amósanos a Galicia moi preto da media estatal a pesares de presentar unha poboación máis avellentada, mentres conserva unha notable vantaxe sobre o promedio para Europa en todos os indicadores.

Competencias avanzadas na busca de información e na comunicación

En 2021, o 84,7% dos galegos de 16 a 74 anos posúen competencias dixitais básicas ou avanzadas en materia de Información, cunha vantaxe de 4,7 puntos porcentuais coa media europea (80%) e o 88,6% dos galegos de 16 a 74 anos teñen habilidades básicas ou avanzadas en materia de Comunicación e colaboración, situándose 2,6 puntos por enriba da media europea (86%).



A Creación de contidos dixitais é a área competencial menos estendida en Galicia e no conxunto do territorio estatal. Aínda así, a porcentaxe de galegos/as de 16 a 74 anos con habilidades básicas ou avanzadas en creación de contidos dixitais (69,7%), supera a media europea (66%) en 3,7 puntos porcentuais.

Resolución de problemas e seguridade


As habilidades dixitais en Seguridade da poboación galega son as que superan con maior diferenza a media europea. En 2021, o 76,2% dos galegos/as de 16 a 74 anos dispoñen de habilidades básicas ou avanzadas en materia de Seguridade, moi preto da media estatal (77,1%) e 8 puntos por riba da media europea.

En 2021, o 81,7% dos galegos/as de 16 a 74 anos teñen habilidades básicas ou avanzadas en materia Resolución de problemas, que sitúa a Galicia a 3,2 puntos porcentuais da media estatal (84,9%) e mellora a europea (80%).

Fonte: https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_competencias_dixitais_2021.pdf



Talento Dixital: Estudo da Traxectoria profesional dos perfís STEM de Galicia



A Estratexia Galicia Dixital 2030 sinala como área de actuación prioritaria o "Impulso á promoción do talento dixital" e destaca a necesidade da "promoción das vocacións científico-tecnolóxicas entre a mocidade, reducindo a fenda crecente entre a demanda e a dispoñibilidade de talento dixital".

Neste marco encádrase a elaboración da actualización de este estudo da análise da traxectoria profesional das persoas egresadas en carreiras do ámbito STEM en Galicia que no ano 2021 realizouse a súa 1ª edición.

O estudo analiza a evolución destes perfís profesionais durante o período 2019-2023. Desta actualización destácase que nos últimos anos, Galicia incrementa a súa capacidade para xerar vocacións tecnolóxicas e reter talento dixital: En dous anos o número de persoas matriculadas en carreiras STEM pasou de 12.996 matriculacións a 13.469.

Ademais, preto do 80% das persoas tituladas en carreiras STEM está a traballar en Galicia aos cinco anos de finalizar os seus estudos. A porcentaxe de titulados neste área que optan por traballar fóra de Galicia nos cinco primeiros anos da súa traxectoria laboral pasou do 24,7% no 2019 ao 20,3% no 2021. Ademais, os egresados en STEM presentan un alto grao de satisfacción cos estudos universitarios e máis do 90% volvería a cursar a mesma titulación.

A fenda de xénero segue presente nos estudos STEM e é especialmente acusada na FP, na que as mulleres só representan o 12,4% do alumnado. No bacharelato o 47,5% do alumnado de "Ciencias e tecnoloxía" son mulleres pero na universidade esta porcentaxe quédase no 34% a pesares de que en ambas etapas formativas as mulleres son, globalmente, máis do 55% do alumnado.

Por titulacións, as mulleres son minoría nas carreiras de enxeñerías e tecnolóxicas (informática, industrial e telecomunicacións). Son maioría nas Ciencias Naturais e en Matemáticas partían dunha situación igualitaria pero van perdendo peso no alumnado a medida que neste grao é máis difundida a súa relación coas tecnoloxías da información.

Inserción laboral dos titulados/as STEM

O estudo sinala que o 87% das persoas tituladas na área STEM en Galicia está traballando aos cinco anos de titularse, cun crecemento do 4,1% respecto a dous anos antes.

A inserción laboral das mulleres acada o 87,3% e supera lixeiramente á dos homes 86,6%.

O sector TIC é a principal fonte de emprego para as persoas tituladas STEM (23,8%) seguido pola industria non TIC (16%) e as empresas non TIC de enxeñaría e servizos a empresas (13%). En cuarto lugar o sector público (Administración xeral, educación e sanitaria) emprega ao 12,6% de egresados/as.

Funcións Actual dos titulados/as STEM

As principais tarefas relacionadas coas tecnolóxicas máis disruptivas que están a desenvolver titulados STEM son Mobilidade, Tecnoloxías Cloud, Big Data, Ciberseguridade, Intelixencia Artificial, Tecnoloxías verdes, Internet das Cousas e Biotecnoloxía.

A estes roles súmanse as ocupacións máis “tradicionais” de titulados STEM como estratexia e xestión do Negocio no sector TIC, programación, desenvolvemento web e administración de sistemas, mantemento e xestión de redes, webs e sistemas informáticos e Docencia en materias STEM.

As ocupacións emerxentes ou relacionadas con tecnoloxías disruptivas que máis aparecen na descrición dos empregos dos STEM son nos campos do Análise e ciencia de datos, Biotecnoloxía e Medio ambiente.

Demanda de persoal STEM no sector TIC

O 81,1% das empresas TIC que ofertan emprego para titulados STEM, indican que cubrir estes postos é difícil ou moi difícil.

O 74,3% do persoal contratado polas empresas TIC galegas posúe titulación STEM de nivel Universitario ou de Formación Profesional, o que supón un incremento do 15,7% respecto a 2021.

En canto aos perfís concretos do persoal que demanda o sector TIC, máis do 48% das empresas TIC de Galicia busca perfís relacionados coa programación, desenvolvemento de aplicacións e desenvolvedores de software en xeral; máis do 20% busca profesionais relacionados coas Tecnoloxías Cloud, a Xestión do dato e a Ciberseguridade; e máis dun 18% das empresas tecnolóxicas están demandando na actualidade perfís con coñecementos en Intelixencia Artificial.

Fonte: https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/20230322_informetituladosstem.pdf



Análise específica das tecnoloxías disruptivas no sector TIC de Galicia



No pleno do ano 2022, o OSIMGA comprometeuse a elaborar un análise das tecnoloxías disruptivas no tecido empresarial TIC galego.

O informe trátase do segundo estudo que analiza e revisa a situación actual das principais tecnoloxías disruptivas no tecido empresarial TIC galego, enmarcado dentro dos obxectivos da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EDG2030), que inclúe entre os seus obxectivos, o impulso ás capacidades e infraestruturas dixitais en tecnoloxías disruptivas.

O obxectivo principal desta análise é identificar o grao de adopción da Intelixencia Artificial, aprendizaxe automático a través do Big Data, Chatbots, Cloud computing, etc.

Como principais resultados deste análise destácase que a tecnoloxía disruptiva con máis presenza nas empresas TIC galegas é a Internet das Cousas (36,5%). Encadrados nesta tecnoloxía, os sensores, etiquetas RFID ou IP, cámaras para a mellora do servizo e os medidores, lámpadas, e termóstatos intelixentes son os sistemas ou dispositivos que máis se utilizan no sector TIC galego.

O 31,9% das empresas TIC galegas analizan Big Data o que supón un crecemento relativo do 41,8% respecto ao ano anterior. Entre as empresas que utilizaron Big Data, o 26,2% utilizou ou método de aprendizaxe automática ou machine learning.

O 29,9% das empresas TIC galegas utiliza ou incorpora aos seus produtos ou servizos Business Intelligence e o 32,2% emprega Chatbots.

O 28,1% das empresas TIC galegas utilizan Intelixencia artificial, sendo o aprendizaxe automática ou Machine learning (53,3%) a tecnoloxías de Intelixencia Artificial máis empregadas polas empresas TIC galegas no 2022.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-dixital-tecnoloxias-disruptivas-no-sector-tic-2022>



Colaboración co Consello Galego das Mulleres nun estudo sobre a relación das galegas coas TIC

A Amtega, a través do Osimga, colaborou co Consello Galego das Mulleres facilitando indicadores informando da publicación dos estudos específicos que estivesen centrados na perspectiva de xénero como son "Mulleres en dixital: o uso das TIC desde unha perspectiva de xénero" e "As mulleres no sector TIC".

De todos os xeitos, hai que indicar que Osimga, tal e como marcan as boas prácticas estatísticas sobre xénero, procura facilitar todas as estatísticas desagregadas por mulleres e homes para achegar unha visión crítica sobre as posibles desigualdades ou fendas na dixitalización na sociedade e nas empresas.




Colaboración co Ciber.gal nun estudo sobre a Ciberseguridade en Galicia

Elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia no marco das iniciativas do Nodo CIBER.gal e en colaboración co OSIMGA. O Observatorio achegou datos e gráficas para a elaboración do informe.

Este documento compila e analiza os indicadores relacionados coa seguridade da información dispoñibles nas fontes de información oficiais do Instituto Nacional de Estadística (INE), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o OSIMGA.

Este estudo achegou unha visión xeral do grao de adopción da ciberseguridade na cidadanía galega, na Administración Pública de Galicia e nas empresas da Comunidade.

https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informeciberseguridade_0.pdf



O desenvolvemento deste estudo enmárcase no obxectivo da EGD2030 "2.1 A Inclusión Dixital da sociedade".

Coa finalidade de acadar este obxectivo, analizarase a partir de microdatos facilitados polo IGE, o nivel de uso das TIC por parte das persoas maiores. Así mesmo esta temática está relacionada coa meta establecida para o Día de Internet no ano 2022 "Internet para as persoas maiores e o envellecemento saudable.

Este estudo está en elaboración na actualidade xa que os datos para a elaboración do mesmo recibíronse recentemente.

5- ACTUACIÓNS E PROXECTOS


Durante o ano 2022, co fin de contribuír á definición estratéxica das políticas públicas na materia, o Observatorio da Sociedade de Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) desenvolveu unha ampla actividade prospectiva, elaborando informes de situación, de evolución e distintas análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.

A continuación, preséntanse todos os proxectos realizados polo OSIMGA ao longo do ano 2022, organizados en base a cinco liñas de actuación estratéxicas. Para cada un dos proxectos identificados expoñerase a súa descrición e características máis relevantes.

Todos os informes de carácter xeral e os estudos temáticos do OSIMGA distribúense libremente na Rede baixo licenza Creative Commons e poden consultarse na web do Observatorio www.osimga.gal



Liñas de actuación estratéxicas




5.1.-LIÑA 1: Informes de carácter xeral

O OSIMGA continúa a análise da evolución do equipamento e uso das TIC nos principais colectivos socioeconómicos de Galicia: os fogares e a cidadanía, as empresas, o sector TIC e a Administración.



5.1.1.-Fogares

A porcentaxe de fogares galegos con Internet contratado incrementouse un 2,1% en 2021



- O ordenador portátil é o tipo de ordenador con máis presenza nos fogares galegos. Un 62% dos fogares dispón de portátil, un 43,5% de PDA ou tablet e un 30,6% de ordenador de sobremesa.
- O 92,2% dos fogares galegos contan con Internet contratado, o que supón un incremento do 2,1% respecto ao ano 2020.
- A velocidade de conexión a Internet de máis de 100 Mbps está presente no 30% dos fogares galegos, cun crecemento do 10,3% no último ano e o 69,7% ten dunha velocidade superior aos 30 Mbps
- Os usuarios de Internet nos últimos tres meses incrementáronse nun 1,9% no último ano, acadando o 89,4%. Máis de 1,75 millóns de galegos de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos 3 meses, unha suba de máis de 177.000 internautas nos últimos catro anos
- O 43,7% dos fogares galegos contan cun televisor intelixente (Smart TV), 7,9% máis que o ano anterior e o 22,2% dos fogares dispón de consola de xogos con capacidade de acceso a Internet, 11,6% máis que o ano anterior.
- No 2021, o 9,7% dos fogares galegos dispoñen de altifalante intelixente e o 5,5% ten dispositivos de seguridade conectados a Internet
- A penetración da tecnoloxía domótica ou asociada ao Internet das Cousas (IoT) está presente no 4,4% dos fogares galegos.
- O 61,7% dos galegos/as fixeron compras a través de Internet, cun crecemento do 5,5 % no último ano.
- Afiánzase a vantaxe no uso da administración electrónica dos internautas galegos/as sobre a media estatal e europea.

<http://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-nosa-vida-en-dixital-edicion-2021>

Este informe foi realizado no marco o **convenio asinado entre a Amtega e o IGE**, a partir dos datos recollidos na "Enquisa Estrutural a fogares" e posteriormente analizados polo OSIMGA, co fin de avaliar a evolución da penetración das novas tecnoloxías na sociedade galega.

O estudo analiza a información **subministrada en 2022 con datos de 2021 onde se recolle a información de 7.886 fogares e 16.277 persoas de 16 a 74 anos** e permite datos desagregados por subconxuntos de idade, sexo, áreas xeográficas, hábitat, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparada dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

Durante o ano 2022 desenvolveuse a recollida de datos dunha nova edición da enquisa

Os resultados desta enquisa publicaranse durante o mes de xullo do 2023 segundo coordinación da publicación deste estudo co IGE.

5.1.2.-Empresas

- ✓ O tecido empresarial galego destinou 373 millóns de euros á tecnoloxía no 2021.
- ✓ Aumenta a porcentaxe de empresas con especialistas TIC que emprega mulleres especialistas TIC. En todos os estratos, nas empresas que empregan perfís TIC, a contratación de mulleres especialistas TIC supera o 40%, destacando o feito de que tanto as microempresas como as empresas de 10 ou máis empregados/as galegas superan á media estatal.
- ✓ O 14,8% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade nesta Comunidade empregan IA, valor que supera amplamente a media española.
- ✓ No ano 2022, a evolución das empresas que analizaron Big Data segue a ser positiva superando a media estatal nas empresas de 10 ou máis empregados con sede ou actividade en Galicia.
- ✓ As empresas galegas de 0 a 9 empregados/as de Galicia incrementan a venta online un 36% respecto ao ano anterior e as grandes empresas mantéñense en valores semellantes á o ano anterior.

Máis do 40% de empresas con especialistas TIC empregan mulleres especialistas TIC



Fonte: https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/2023_informe_empresas.pdf

A información que se presenta procede da “Enquisa sobre o uso de TIC e do comercio electrónico nas empresas. Ano 2021 - Primeiro trimestre do ano 2022” do Instituto Nacional de Estatística (INE) e foi facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega, o IGE e o INE.

Ademais, o devandito convenio permite a ampliación de datos referidos a:

1. Microempresas
2. Indicadores de comercio electrónico
3. Datos específicos das empresas multilocalizadas. Diferenza entre empresas con sede fóra de Galicia e que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega, daquelas con sede e actividade en Galicia.

5.1.3.-Sector TIC

- O emprego no sector TIC en Galicia medrou un 5,1% no último ano, acadando os 21.803 traballadores en 2022
- Galicia conta con 3.020 empresas tecnolóxicas, que representan o 4,5% do total a nivel estatal
- O valor engadido bruto do sector TIC galego supera os 1.740 millóns de euros e roza o 3% do PIB galego
- O 40,1% das empresas TIC desenvolveron actividades de I+D+i durante os 3 últimos anos e destas, o 76,3% obtivo resultados comercializables
- A tecnoloxía disruptiva máis presente nas empresas do sector é a IoT (Internet das Cousas) cunha porcentaxe do 36,5%, seguida polos Chatbots que aplican máis do 32,2% das empresas do sector e o Big Data cun 31,9%
- A Intelixencia Artificial xa se utiliza no 28,1% das empresas TIC, o que supón un crecemento do 30,1% no último ano

O sector tecnolóxico galego supera a cifra das 3.000 empresas e crea máis de 1.000 novos postos de traballo no último ano.



Fonte: https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_empresas_tic2022.pdf

Son datos recollidos no estudo "Empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia. Edición 2022", elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información en Galicia (Osimga), adscrito a Amtega, en base aos últimos datos rexistrados do sector e a unha enquisa realizada entre maio e xuño de 2022, recollendo indicadores novos respecto a edicións anteriores sobre ciberseguridade e novas tecnoloxías disruptivas.

Este é un estudo de referencia do sector empresarial TIC galego que realiza OSIMGA, incluído no Plan Galego de Estatística 2022-2026. Presenta información directa de máis de 450 empresas tecnolóxicas galegas.

5.1.4. - Administración dixital

O 95,5% dos procedementos pódense iniciar de xeito electrónico



A Administración dixital na Xunta de Galicia:

- Un ano máis, Galicia mellora a media estatal nos indicadores de uso da administración electrónica: o 82% dos internautas contactaron coas administración por Internet para obter información
- O 99,4% de axudas e subvencións poden solicitarse por vía electrónica.
- O número de expedientes iniciados na sede electrónica aumentou un 25% no último ano ata 1.335.920.
- A sede da Xunta recibiu máis de 10 millóns de visitas en 2021, un 92% máis que no ano anterior.
- En 2021, 1.206.271 novos usuarios foron dados de alta en Chave 365.
- Máis de 22 mil empregados públicos contan con tarxeta intelixente para a identificación.
- A sinatura electrónica na plataforma corporativa incrementouse nun 55,2% no ano.

Fonte: https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/20221019_diagnostico_exunta_2022.pdf

Estatística da administración dixital nos concellos de Galicia:

- O 94,7% dos concellos galegos contan cun portal de transparencia, preto dun 9% máis que en 2019
- No ano 2021 o teletraballo estaba presente en preto do 70% dos concellos da Comunidade
- Ademais, o 29% das entidades locais suprimiu a obriga de achegar algunhas documentacións para realizar trámites e o 51,1% substituíu a obriga de achegar documentos por declaracións responsables
- Afiánzase o uso das redes sociais nas comunicacións coa cidadanía con Facebook á cabeza, seguida de Instagram e Youtube.

Máis do 97% dos concellos galegos conta con sede electrónica



Fonte:

https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/20220407_informe_econcellos.pdf

5.2.-LIÑA 2: Estudos temáticos

No ano 2022 o OSIMGA tamén publicou diversos estudos monográficos. Teñen o obxectivo de avaliar un ámbito específico de interese relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación, así como servir de elemento para a definición de políticas públicas en materia de Sociedade da Información e modernización da Administración no marco da Estratexia Galicia Dixital 2030


Os estudos monográficos do Observatorio elaboráronse a partir da extracción sistemática da información sectorial contida nos informes de diagnóstico do Observatorio, a partir de novas enquisas ou análises cualitativas dun sector, ou ben, a partir da recompilación da documentación e datos existentes en fontes de información externas.

A continuación preséntanse as áreas temáticas e colectivos específicos analizados polo OSIMGA no ano 2022. Para cada unha destas áreas estratéxicas de interese, realizouse un estudo temático do que se expoñen a súa descrición e características máis relevantes.



5.2.1.- Galicia Dixital: a modernización tecnolóxica no rural

Fogares rurais con ordenador segundo área onde se sitúa a vivenda.



O 87,8% dos fogares rurais teñen banda larga contratada o que supón un crecemento do 2,7% no último ano.


- En todas as áreas comarcais supérase o 73% na contratación de banda larga.
- A contratación de banda larga experimenta o seu maior crecemento nos fogares rurais das provincias de Lugo e de Pontevedra.
- O 83% das persoas que viven no rural utilizaron internet nos últimos tres meses, un 1,8% máis que o ano anterior e supérase o 90% en todos os grupos de idade de menos de 55 anos.
- O 49,8% das persoas no rural realizan compras por Internet, aumentando máis dun 10,2% no último ano.

Os obxectivos que persigue este estudo son avaliar a contratación de Internet e o uso das TIC no medio rural galego, a partir de datos obtidos no marco do convenio asinado co IGE.

Así, este estudo utiliza como fonte de información a Enquisa Estrutural a Fogares que realiza o Instituto Galego de Estatística e a clasificación do grao de urbanización definida polo IGE, incluíndose como variable de análise a dispersión territorial na relación coa Sociedade da Información.

Fonte: https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_rural2022.pdf

No seguinte gráfico pódese observar o desenvolvemento metodolóxico aplicado polo IGE na definición de ruralidade



Ligazón á metodoloxía: definida polo IGE: http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/clasificacions/urbanizacion/NotasMetodoloxicas_Rev.pdf

5.2.2.-Mulleres en Dixital: O uso das TIC desde unha perspectiva de xénero

O 91,5% das mulleres galegas utilizou dispositivos electrónicos nos últimos tres meses, fronte ao 90,8% dos homes galegos.



- O 89,6% das galegas usou Internet nos últimos tres meses superando en 0,6 puntos porcentuais á porcentaxe de galegos que se conectou á Rede.
- Entre os menores de 54 anos, son as mulleres as que máis utilizan a Rede como canle de compras. Esta tendencia invértese nos grupos de maior idade (de 55 a 74 anos).
- No uso da administración electrónica, a fenda de xénero sitúase en menos dun punto porcentual. Na descarga de formularios oficiais e no envío de formularios cumprimentados a porcentaxe de mulleres supera lixeiramente á porcentaxe de homes.
- A porcentaxe de mulleres galegas con competencias dixitais avanzadas supera á dos homes en 2,6 puntos porcentuais.

Este estudo ten coma obxectivos analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso ás tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia, así como estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo, todo elo seguindo os eixos do Plan DigiTalent 2030 de Galicia.

Continuando coa tendencia observada nos últimos anos, as diferenzas por xénero no uso de internet e dispositivos electrónicos en Galicia son mínimas. O 89,6% das galegas accederon á rede nos últimos tres meses e superan aos galegos en seis décimas e o 91,5% das mulleres galegas utilizou dispositivos electrónicos nos últimos tres meses, fronte ao 90,8% dos homes galegos.

https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_xenero_2022.pdf

5.2.3.-Software libre nas empresas TIC de Galicia

O 88,1% das empresas TIC galegas emprega software libre, mantendo moi alta a súa presenza nas empresas TIC galegas



- O uso do software Libre supera ao privativo no caso das aplicacións de "Navegador de Internet", "Xestión de contidos web", "Aplicacións de desenvolvemento de software", "Aplicacións de deseño gráfico", "Xestor de correo electrónico" e nas "Aplicacións para a formación".
- Os produtos de software libre máis ofertados son: "Xestión de negocio", "Xestión de contidos, páxinas web, e marketing dixital", e "Sistemas de virtualización, servidores e aplicacións na nube"
- Un 60,4% das empresas TIC que vende produtos de software, oferta bens ou servizos en software libre, o que supón un incremento do 18% na oferta das solucións libres no último ano.

A través da Amtega, a Xunta de Galicia, xunto cos principais axentes do software, elabora un Plan anual para incentivar e difundir o software libre na Administración, nas empresas e entre a cidadanía. Entre as actuacións do devandito Plan figura a análise dos principais indicadores de software libre. Así a elaboración deste estudo responde aos compromisos asumidos neste Plan e difunde os resultados da implantación e uso do software libre e o papel das empresas TIC como provedoras de software libre en Galicia.

Os datos proceden da enquisa a empresas TIC que realiza OSIMGA.

https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_sl_empresas_tic2021.pdf

5.2.4.-Galicia Dixital: Software Libre nas Empresas de Galicia

Máis do 85% das empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia empregou aplicación de Software Libre no 2021, situando a Galicia na sexta posición respecto ao uso de Software Libre no conxunto do estado español.



- No ano 2021, crece o uso do Software libre nas microempresas de 0 a 9 empregados/as onde o 66,4% emprega solucións libres, o que supón un aumento do 10,7% respecto ao ano 2018 .
- As empresas galegas do sector Servizos e da Construción son as que empregan máis o software libre.
- As tipoloxías de Software libre que máis presenza teñen nas empresas galegas son os Navegadores de Internet, as Aplicacións Ofimáticas e os Sistemas Operativos.

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE), para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas. Este acordo de colaboración asinado proporciona unha ampliación dos indicadores de Software libre para Galicia.

Os datos proceden principalmente da explotación a Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas que realiza o INE. Tras a publicación deste estudo en OSIMGA por última vez en 2019 (datos das empresas en 2018), non se publica en 2020 e 2021 porque a operación descrita excluíu variables que facían referencia ao software libre. Pola contra, na enquisa publicada en 2022, con datos referentes a 2021, vólvense a incluír algunhas desas variables, o que nos permite actualizar este informe.

https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/softwarelibre_empresas_galicia_2021.pdf

5.2.5. - Software Libre nos Concellos de Galicia



O 86,9 % dos concellos dispón de software libre nalgún equipo informático (ordenadores / servidores)

- O software libre ten maior implantación nas aplicacións libres que nos sistemas operativos. O 58,7% dos concellos galegos ten aplicacións libres nos servidores e 54,7% nos ordenadores.
- A combinación de software libre e software privativo é a opción máis común en todas as aplicacións informáticas de uso xeral analizadas, agás no caso do antivirus e seguridade, no que é o software privativo o que ten unha maior presenza (69,4%).
- No caso dos Navegadores de Internet e a ofimática, a porcentaxe de concellos que opta só por software libre supera á que opta só por software privativo.
- O descoñecemento do SL ou a falta de información (71,7%) é o argumento principal polo que os concellos non optan polas solucións de Software Libre nas súas entidades.
- A maioría dos concellos opina que o Software Libre manterá o uso que posúe na actualidade, alo menos durante os próximos dous anos.
- A principal acción que se demanda dende os concellos para a promoción do software libre é a formación aos usuarios nesta materia (81,2% dos concellos).

Este estudo está realizado no marco do Plan de acción en materia de Software Libre teñen por obxectivo analizar a implantación do software libre nos Concellos de Galicia e a penetración dos estándares e fontes abertas nas empresas informáticas galegas desde unha dobre vertente: A implantación e uso do Software Libre nestas empresas así como a oferta de produtos e servizos de Software Libre aos seus clientes.

https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_sl_concellos_2021.pdf

5.2.6. - As Mulleres no Sector TIC.

O emprego no sector tecnolóxico crece máis entre as mulleres que entre os homes en Galicia ata alcanzar 8.511 empregadas.



- No 2021, 8.511 mulleres ocuparon postos de traballo en empresas do Hipersector TIC galego, o que representa o 32,8% dos empregos.
- No Sector Contidos, as mulleres contan cunha maior representación, 41,5%, o que reduce a fenda de xénero a 17 puntos porcentuais.
- O 26,7% dos homes e o 8,6% das mulleres que traballan no sector TIC en Galicia posúen algún tipo de Titulación Universitaria STEM, o que supón unha fenda de xénero de 18,1 puntos porcentuais.
- En canto aos roles nas empresas, a muller segue a estar infrarepresentada nos postos de liderado, onde só o 20,6% das empresas TIC galegas contan con algunha muller en postos de dirección.
- A Xunta promove o talento dixital feminino a través do plan Dixitalent e accións como GirlStem

Este estudo ten coma obxectivos presentar datos actualizados sobre a presenza das mulleres galegas no Hipersector TIC, en xeral, e no Sector TIC e Sector Contidos, en particular.


Tamén serve para identificar as súas funcións e roles no cadro de persoal das empresas e analiza o nivel de formación das mulleres galegas nas empresas TIC.

A información analizada provén da enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas e das afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE ao OSIMGA, procedentes da Seguridade Social.

https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/20221018_informe_mulleres_tecnologas.pdf


5.2.7.-O Hipersector TIC

O Hipersector TIC galego, integrado polo sector TIC e o sector de contidos pechou o ano 2022 con 27.271 traballadores, o que supón un incremento do 5,2% no último ano, o que confirma a fortaleza e capacidade tractora do sector



- No último ano, o número de empresas do Hipersector TIC en Galicia incrementouse no un 2,1% ata acadar as 4.001 empresas.
- Por segundo ano consecutivo, o incremento do emprego no Hipersector TIC ven encabezado polo emprego feminino, cun crecemento do 5,5% no 2022.
- O Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC en Galicia impulsado tanto polo sector contidos coma polo sector tecnolóxico supera os 1.980 millóns de euros e experimenta un aumento do 12% nos últimos dous anos.

Empresas do Hipersector TIC por áreas comarcais



O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades que compoñen o Sector das Tecnoloxías da Información (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais.

Para determinar estas actividades considerouse como referencia os traballos desenvolvidos pola OCDE e o INE nos que se definen os sectores económicos encadrables dentro da categoría TIC ou Contidos.

<https://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-dixital-hipersector-tic-en-galicia-edicion-2023>

5.2.8.-A sociedade da Información e os Autónomos de Galicia



Máis do 82% dos/as autónomos/as galegos dispoñen de ordenador, o que supón un crecemento do 9,3% respecto ao ano anterior.

- A porcentaxe de autónomos/as galegos con banda larga fixa que contan con velocidade de conexión a Internet igual ou superior a 30Mbps sitúase no 84,5%.
- O 56,5% dos autónomos/as conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 100 Mbps.
- Crece un 44,3% a proporción de autónomos que venden por internet, ata o 8,8%.
- Aumenta un 58,1% a contratación de servizos de Cloud Computing, ata o 11,7%.
- O 49% dos/as autónomos/as galegos/as empregan medidas de seguridade TIC sendo as máis frecuentes o software actualizado (92,1%) e á autenticación mediante contrasinal forte (76%)

Este estudo analiza comparativamente o uso da Sociedade da Información por parte dos autónomos/as galegos/as respecto do resto de formas societarias e do conxunto das microempresas.

Este informe constitúe un elemento de diagnóstico para avaliar e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as.

https://www.osimga.gal/sites/w_osimga/files/documentos/informe_autonomos_2022.pdf

5.3.-LIÑA 3: Proxectos en colaboración co IGE e no marco do VI Plan Galego de Estatística 2022-2026

Durante o ano 2022, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través do OSIMGA e o Instituto Galego de Estatística (IGE), desenvolveron varias liñas de colaboración no que se refire á coordinación da realización das enquisas no ámbito dixital, atendendo aos criterios de máxima eficiencia e eficacia na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

Algúns resultados desta intensa colaboración entre a Amtega, a través do OSIMGA e o IGE son:

O OSIMGA deu cumprimento a todos os compromisos asumidos no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia para 2022 e obtivo un 100% de execución nos seus proxectos estatísticos.



No ano 2020, **renováronse os dous Convenios de Colaboración entre a Amtega, o IGE e o INE** para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas por un período de catro anos, prorrogables por outros catro anos máis. Esta cooperación afianza a eficiencia e a rigorosidade da estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica na área das tecnoloxías da información e consolida a calidade dos indicadores existentes no ámbito dixital.

Os proxectos desenvolvidos en colaboración co IGE e as operacións e actividades estatísticas cuxa responsabilidade de execución recaeu na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a través do OSIMGA durante o ano 2022 son os seguintes:

Código	Proxectos en colaboración co IGE e Operacións e actividades estatísticas do VI Plan Galego de Estatística
Convenios de colaboración entre a Amtega, o IGE e o INE para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas	
4106-01-AE06	Galicia dixital: a modernización tecnolóxica no rural.
4101-02-OE06	Galicia dixital: Sistema de indicadores
4102-01-OE06	Galicia dixital: o sector TIC de Galicia
4103-01-OE06	A administración dixital na Xunta de Galicia
4103-02-OE06	Estatística da administración dixital nos Concellos de Galicia
4102-02-AE06	Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia

A continuación, preséntase unha breve descrición dos proxectos desenvolvidos en colaboración co IGE e o INE.

5.3.1.- Convenio de Colaboración entre Amtega, o IGE e o INE.

Unha importante liña de traballo do OSIMGA é a colaboración establecida co Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares e nas empresas de Galicia, e que frutificou coa firma dun convenio de colaboración entre estas entidades. Durante o ano 2020, renovouse esa cooperación para os seguintes catro anos, con posible prórroga de catro anos máis.

Isto tradúcese nun aval para os traballos do OSIMGA, que garante unha metodoloxía rigorosa de captación e tratamento dos datos, a exactitude e fiabilidade da información para divulgar e a precisión e coñecemento dos indicadores relativos á Sociedade da Información en Galicia.

Esta colaboración permite a inclusión anualmente dun conxunto de indicadores relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos na “Enquisa Estrutural a Fogares” que realiza o IGE, o que evita duplicidades, e supón un aumento de mostra das enquisas a fogares respecto ao número de enquisas que facía o OSIMGA.

O convenio tamén contempla a obtención, a través do IGE, dunha ampliación dos datos da “Enquisa de uso das TIC e comercio electrónico nas empresas” do INE, especialmente no referido ás empresas multilocalizadas, é dicir, empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa Comunidade, así como datos de comercio electrónico e microempresas galegas.

5.3.2.-[4106-01-AE06] Galicia Dixital: a modernización tecnolóxica no rural




Este proxecto avalía de xeito específico a sociedade dixital no medio rural galego.

Este estudo utiliza a clasificación do grao de urbanización definida polo IGE e baseada, á súa vez, na metodoloxía empregada por Eurostat.

5.3.3.-[4101-02-OE06] Galicia Dixital: Sistema de Indicadores

Cumprindo o programa estatístico anual para o ano 2022, o Observatorio publicou en decembro unha edición actualizada do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia.

O Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia está composto por 29 indicadores que permiten monitorizar a evolución da penetración e uso das tecnoloxías nos seguintes ámbitos: poboación, empresas, sector TIC e administración electrónica. Ademais, achega información sobre o ritmo de crecemento nos últimos catro anos.



5.3.4.-[4102-01-OE06] Galicia Dixital: o sector TIC de Galicia



Dende o ano 2010 o OSIMGA realiza a Enquisa ás Empresas TIC de Galicia, a única enquisa oficial neste sector específico, incluída no Plan Galego de Estatística 2022-2026.

O proxecto técnico desta operación estatística foi aprobado polo Consello Galego de Estatística, outorgando así un aval de calidade e certificando a rigorosidade deste estudo realizado anualmente polo OSIMGA.

5.3.5.-[4103-01-OE06 e 4103-02-OE06] A Administración electrónica na Xunta de Galicia e nos concellos galegos



En 2022, cumprindo os compromisos do Plan Galego de Estatística, 2022-2026 publicouse o informe sobre a Administración Electrónica na Xunta de Galicia e realizouse o traballo de campo correspondente á Administración electrónica nos Concellos de Galicia.

5.3.6.-[4102-02-AE06] Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia

O propio Observatorio presenta a condición de actividade estatística e adquire o compromiso de publicar unha selección de indicadores relativos ás empresas e microempresas galegas, converténdose na única fonte de información que publica estes datos estatísticos específicos para Galicia.



5.4.-LIÑA 4: Sistema de información e vixilancia



O Decreto 21/2010 define o OSIMGA como órgano asesor e como sistema de información para a análise, comparación, seguimento e divulgación de datos, información e coñecementos sobre a Sociedade da Información en Galicia.

Durante o ano 2022, o Observatorio ofreceu á sociedade galega a través da súa web información actualizada sobre o grao de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia.

5.4.1- Web OSIMGA www.osimga.gal

A web do OSIMGA púxose en marcha no ano 2011. Ao longo destes anos producíronse moitos cambios e avances tecnolóxicos na forma de visualizar e presentar a información e no xeito de acceder á ela por parte dos usuarios finais (tablets, móbiles, etc.).

A nova web do OSIMGA, vixente desde o ano 2018, permite a navegación dende diferentes dispositivos, dispoñendo en todos eles do mesmo aspecto visual e adaptado ao dispositivo (deseño responsive orientado a dispositivos móbiles).

Esta mellora visual implica tamén unha reorganización dos contidos destacados, de forma que a lectura sexa máis limpa e clara.


No ano 2022 adaptouse a web de OSIMGA á nova imaxe corporativa da Xunta de Galicia, incorporando logos, tipografías e códigos de cores adaptados á última actualización.

Impulsamos a sociedade da información

A web do Osimga é unha canle aberta de comunicación e difusión dos datos, informacións, estudos e outros materiais elaborados polo Observatorio.

A web do OSIMGA é a principal ferramenta de difusión pública das actividades realizadas polo OSIMGA como dispositivo de xestión, información e vixilancia especializada e unha referencia experta no seu ámbito. Esta web é unha canle aberta de comunicación e difusión dos datos, informacións, estudos e outros materiais elaborados polo Observatorio.

NOVAS



12/05/2023

O sector tecnolóxico galego supera a cifra das 3.000 empresas e crea máis de 1.000 novos postos de traballo no último ano



07/05/2023

Galia incrementa a súa capacidade para xerar vocacións tecnolóxicas e reter talento dixital



08/03/2023

O emprego no sector tecnolóxico crece máis entre as mulleres que entre os homes en Galicia ata alcanzar as preto de 9.000 empregadas



25/01/2023

O uso da rede entre as persoas de 65 aos 74 anos crece o dobre da media estatal e supera o 70 %



27/12/2022

Máis do 97% dos concellos galegos conta con sede electrónica

DESTACADOS



Talento dixital: informe sobre os profesionais con perfil STEM en Galicia


[INFORME](#)



Informe sobre as tecnoloxías disruptivas nas empresas de Galicia.


[INFORME](#)

todos os concellos



Informe da administración dixital nos concellos de Galicia

[INFORME](#)



A través da súa web e do seu boletín trimestral de actualidade, que conta xa **con máis de 3300 subscriptores, cun crecemento do 3,1% o último ano**, o Observatorio subministra unha selección de noticias de actualidade, eventos, ligazóns con outras fontes de información, observatorios ou entidades relacionadas coa modernización da Administración autonómica galega e a Sociedade da Información.

Ademais, o fondo histórico do OSIMGA presenta unha panorámica, ordenada de modo cronolóxico e temático, da evolución da dixitalización en Galicia.

A integración coas canles 2.0 da Axencia para a Modernización e Innovación Tecnolóxica permite avanzar cara ao modelo de administración aberta, primando as relacións coa cidadanía e o contacto directo con eles, facéndose máis transparente, participativa e colaborativa.

5.4.2- Vixilancia e análise de fontes de información externas

Xunto cos labores vinculados ás observacións propias, o OSIMGA continuou en 2022 coas tarefas de vixilancia e análise de fontes de referencia externas. Este traballo facilita a realización de análises comparativas e aliñacións de datos de Galicia con outros marcos xeográficos que se analizan para a realización de informes de situación, resolución de consultas, noticias e outros produtos de información OSIMGA.

Algunhas fontes de información externa analizadas en 2022 foron:




5.4.4- OSIMGA nos medios

Como parte do proceso de información e vixilancia, OSIMGA recolle o impacto nos medios de comunicacións da súa actividade.

No 2022 a presenza da actividade do OSIMGA nos medios é moi notable, tendo máis impacto a nivel autonómico tanto nos canais dixitais como impresos, difundíndose as súas novas e informes en 41 medios de comunicación diferentes.

A distribución porcentual das mencións dos informes que elabora OSIMGA en medios de comunicación no 2022 indica que o principal interese seguen a ser os contidos de Cidadanía pero, ao contrario de 2021, seguidos moi de cerca polos informes de empresas e do sector TIC.

Figura 7 Citas de informes de OSIMGA en medios de comunicación (distribución porcentual)



O número total de citas de informes de OSIMGA en medios de comunicación subiu un 32% no último ano, ata acadar as 128.

Figura 6. Citas anuais de informes de OSIMGA en medios de comunicación



5.5.-LIÑA 5: Colaboracións

O OSIMGA deu continuidade durante o ano 2022 ao importante capítulo das colaboracións, intercambiando información entre administracións, con outros observatorios, organismos ou entidades.

No ano 2022, ó igual que nos anos anteriores, cabe destacar a sinerxía establecida entre a Amtega, a través do OSIMGA, e o IGE, abrindo liñas de colaboración en distintos ámbitos de observación. A continuación, relaciónanse as principais entidades coas que cooperou o OSIMGA e descríbense os principais resultados desta colaboración.

O OSIMGA facilitou tamén datos a outros organismos e entidades, atendendo a demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e achegando os datos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.



INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a optimización das operacións estatísticas no ámbito da sociedade da información: fogares e empresas



ÁMBITO:
CIDADANÍA E
EMPRESAS

DESCRICIÓN

A renovación do Convenio de Colaboración asinado entre Amtega e o IGE en 2020 permitiu dar continuidade á integración dos indicadores relativos á dixitalización na poboación de Galicia dentro da enquisa de "Estrutural a fogares" realizada polo IGE e unha explotación ad-hoc de datos sobre a implantación da dixitalización nas empresas de Galicia, facilitados polo IGE e procedentes da "Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas" realizada polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

INE (a través do IGE)

Ampliación dos indicadores de microempresas, publicados na "Enquisa de uso de TIC e Comercio electrónico nas empresas" do INE e obtención, a través do IGE, de datos específicos sobre as empresas con actividade en Galicia, pero con sede fóra de Galicia e indicadores sobre comercio electrónico das empresas galegas.



ÁMBITO:
EMPRESAS

DESCRICIÓN

A través da renovación do Convenio de Colaboración, asinado entre a Amtega, o IGE e o INE, obtivéronse datos sobre as empresas con actividade en Galicia, pero con sede fóra de Galicia e unha ampliación dos indicadores sobre as microempresas e comercio electrónico, procedentes da "Enquisa de uso de TIC e Comercio electrónico nas empresas" do INE.

Red.es (ONTSI)

Consulta de datos e informes sobre a evolución das TIC a nivel estatal



ÁMBITO:
SISTEMA DE
INDICADORES E
ESTUDOS TEMÁTICOS

DESCRICIÓN

O OSIMGA consulta e realiza un seguimento sobre os indicadores en materia da Sociedade da Información que publica o Observatorio Nacional das Telecomunicacións e da Sociedade da Información (ONTSI).

Telefónica

O OSIMGA elaborou un capítulo relativo á Sociedade da Información en Galicia que se integrou no informe "A Sociedade Dixital en España -2022"



ÁMBITO:
XERAL

DESCRICIÓN

No marco de colaboración que o Observatorio desenvolve coa Fundación Telefónica, elaborouse un informe sobre a situación da sociedade dixital en Galicia en 2022 que recompila os principais indicadores e a realidade dixital de Galicia a través dos seus proxectos máis relevantes. Esta colaboración integrouse no informe "A Sociedade Dixital en España-2022".

Unidade de Muller e Ciencia

Elaboración de estudos temáticos sobre a situación laboral da muller tecnóloga e análise dos indicadores da Sociedade da Información desde a perspectiva de xénero.



ÁMBITO:
CIDADANÍA E
EMPRESAS

DESCRICIÓN

Desde que en xuño de 2010, a Amtega entrase a formar parte da Unidade de Muller e Ciencia, estableceuse unha estreita colaboración co OSIMGA. O Observatorio realiza un seguimento continuo dos indicadores da penetración das TIC atendendo á perspectiva de xénero, solicitando os datos sobre a presenza de mulleres no sector empresarial TIC as súas funcións no cadro de persoal destas empresas co fin de impulsar liñas de actuación tendentes a corrixir a situación de desigualdade.

Consello Galego das Mulleres

Colaboración na realización do informe A situación das mulleres galegas e as TIC. Ano 2022



DESCRICIÓN

Osimga a achegou indicadores para contribuír á elaboración do informe sobre a situación das mulleres galegas e as TIC.

ÁMBITO:
CIDADANÍA E
EMPRESAS

OBSAE

Galicia colabora no grupo de traballo "Observatorio, Medidas e Indicadores" do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no que participan todas as Comunidades Autónomas.



DESCRICIÓN

O OSIMGA segue a colaborar co "Observatorio de la Administración Electrónica de las Comunidades Autónomas", dependente do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, facilitando os datos correspondentes á situación da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

ÁMBITO:
ADMINISTRACIÓN

Seguimento da Estratexia Galicia Dixital 2030

Achegas de datos para o seguimento da Estratexia Galicia Dixital 2030



DESCRICIÓN

O OSIMGA proporcionou datos para o seguimento do cadro de mando da EGD 2030, a folla de ruta en materia tecnolóxica da Xunta de Galicia, que foron incluídos no balance que publica anualmente a Amtega.

ÁMBITO:
XERAL

GIASTECH

O OSIMGA facilita os principais datos sobre o equipamento e uso das TIC no sector empresarial.



ÁMBITO:
EMPRESAS

DESCRIPCIÓN

O OSIMGA estableceu unha proveitosa colaboración con GIASTECH, facilitando os datos para avaliar a penetración das tecnoloxías nas empresas e no sector TIC.

VOLDIX

O OSIMGA facilitou os principais datos sobre a fenda dixital existente cos principais colectivos en risco de exclusión, atendendo á demanda de información do proxecto "Voluntariado Dixital de Galicia" (VOLDIX).



ÁMBITO:
CIDADANÍA

DESCRIPCIÓN

O OSIMGA prestou especial atención ao seguimento dos indicadores desagregados por idade, xénero e hábitat para detectar posibles colectivos en risco de exclusión.

Plan eConcellos

Apoio na recollida de datos da enquisa para o estudo "A Administración electrónica nos concellos galegos".



ÁMBITO:
ADMINISTRACIÓN

DESCRIPCIÓN

Apoioouse á actualización de contidos e renovación do cuestionario para a enquisa sobre a Administración electrónica nos concellos de Galicia en estreita colaboración coa Oficina eConcellos, dentro do marco estratéxico Plan eConcellos, o instrumento da Xunta de Galicia para impulsar a eAdministración nos municipios galegos.

Achega de información para o Plan DigiTalent 2030

O OSIMGA colaborou co Plan DigiTalent 2030, atendendo á demanda de datos estatísticos que permitisen detectar os posibles problemas que afecten a extensión da Sociedade da Información en Galicia, con especial atención aos colectivos en risco de exclusión.



ÁMBITO:
CIDADANÍA

DESCRICIÓN

O OSIMGA atendeu a demanda de información do Plan DigiTalent 2030 Galicia. A través deste Plan establécese un modelo global e universal de inclusión dixital, cunha maior capilaridade no territorio e no que participarán os axentes coñecedores da realidade da comunidade

CIBERSEGURIDADE

Colaboración na elaboración do Informe de Ciberseguridade en Galicia



ÁMBITO:
XERAL

DESCRICIÓN

Achega dos indicadores de Ciberseguridade en Galicia nos ámbitos da cidadanía, a administración, as empresas e o sector TIC para a elaboración do Informe de Ciberseguridade en Galicia

DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO

Colaboración nas actuacións do Plan Estratéxico de xuventude



xuventude.net

ÁMBITO:
CIDADANÍA

DESCRICIÓN

Achega de datos e elaboración de informes no ámbito da mocidade galega no marco dos compromisos establecidos no Plan Estratéxico de Xuventude.

UNIVERSIDADE DE VIGO e UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Tecnoloxías disruptivas nas empresas TIC



ÁMBITO:
EMPRESAS

DESCRICIÓN

Facilitáronse indicadores sobre o uso das tecnoloxías disruptivas nas empresas galegas desagregadas para o sector TIC

Achega de datos e indicadores para atender a demanda de información

Atención á demanda de información sobre a Sociedade da Información en Galicia e achegando os datos para cubrir as necesidades da Administración pública, as empresas e o conxunto da sociedade galega.



ÁMBITO:
XERAL

DESCRICIÓN

O OSIMGA facilita periodicamente información e indicadores sobre o nivel de desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia para a súa difusión en eventos ou foros, analiza as noticias de actualidade e da resposta ás consultas recibidas a través da web do OSIMGA.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA